

ASOCIACIÓN REVISTA SOBERANÍA ALIMENTARIA

Para facer posible a publicación e as nosas actividades, estamos constituídas como asociación de segundo grao; é dicir, somos a suma de entidades e persoas individuais que, xuntas e organizadas, adoptan o propósito de manter vivo un instrumento para a reflexión e o debate arredor do **ruralismo**, a **soberanía alimentaria** e a **transformación social**.

Que quere dicir asociarse?

Coma en calquera colectivo, como **entidade** ou persoa individual socia, temos o dereito e os deberes propios doutras membros. Entre os principais están acceder á información e participar nos espazos da asemblea, onde se expoñen os retos de cada momento, se toman as decisións de funcionamento, se planifican estratexias e se orienta politicamente o labor diario.

Un dos puntos máis importantes das asembleas anuais é **debater e decidir** que temas centrais sería conveniente tratar cada ano. Cada entidade socia, a partir do ámbito no que actúa e das súas sensibilidades, expón o seu punto de vista e xuntas debatemos e seleccionamos temas estratéxicos. Tamén afondamos nos enfoques, as persoas ou as organizacións clave das que obter análises e opinións, os puntos de conflito, etc. Abofé que a túa entidade ten algo que achegar e que aprender.

Ademais, como **colectivos asociados**, podemos acordar o número de exemplares que queremos recibir en función do uso que lles vaíamos dar. En definitiva, as socias compoñemos a asociación que, entre outras cousas, elabora a revista *Soberanía Alimentaria, Biodiversidad y Culturas*.

Esta publicación é nosa e podemos usala como mellor conveña ós nosos obxectivos, distribuíla entre a nosa xente, organizar debates ou sesións temáticas, etc.

Que aporta á nosa entidade facer parte de Soberanía Alimentaria?

- Pode semellarse a adherirse a un manifesto. Trátase de dicir abertamente que estamos da parte da soberanía alimentaria e do significado político e disruptivo deste paradigma que nace da base, do **campesiñado**.
- Significa ratificar o **compromiso** polas formas emancipadoras de habitar ligadas á terra, ao territorio e á comunidade.
- É levar adiante o **propósito** da nosa entidade da man doutros colectivos e organizacións afíns, que este espazo nos permite coñecer.
- Cooperar, aprender, establecer **complicidades**. Aquí atopamos o clima apropiado para todo iso.

Mete cobiza, non si?

Únete, cantas máis sexamos, máis rico e resiliente será o proxecto. Igual que a natureza, nós tamén gustamos da diversidade e entre nós atopamos sindicatos agrarios, ONG, cooperativas de consumo, organizacións culturais, movementos ecoloxistas ou colectivos académicos, entre outros.

Aquí poderás tramitar a cota e a súa periodicidade.
Todo é poñerse!



Ilustración: Marrabilla